

**RESOLUCIÓN DO 5 DE SETEMBRO DE 2024 POLA QUE SE RESOLVE A CONVOCATORIA DAS AXUDAS A CENTROS PRIVADOS CONCERTADOS PARA A REALIZACIÓN DE PROBAS DE NIVEL LINGÜÍSTICO PARA O ALUMNADO QUE REALICE OS SEUS ESTUDOS NO CURSO 2023/24 CONVOCADAS POLA ORDE DO 11 DE XANEIRO DE 2024.**

Mediante a ORDE do 11 de xaneiro de 2024, publicada no DOG do 6 de febreiro de 2024, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades estableceu o procedemento de solicitude e concesión de axudas a centros privados concertados para a realización de probas de nivel lingüístico para o alumnado que realice os seus estudos no curso 2023-2024.

Unha vez rematado o procedemento previo á concesión das axudas establecido na convocatoria, e de conformidade co establecido no artigo 13 da dita Orde, acórdase conceder, mediante esta resolución definitiva, os importes indicados correspondentes á relación de centros beneficiarios destas axudas. En virtude do cal,

**RESOLVO**

*Primeiro-*. Publicar no portal educativo [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal) a proposta de resolución definitiva de centros beneficiarios das axudas co importe asignado a cada centro educativo, que figuran no anexo I.

*Segundo-*. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación no Diario Oficial de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2024.

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional  
P.D. (Orde do 05.06.24; DOG núm. 114, do 13 de xuño).



Manuel Vila López

Secretario xeral técnico da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades  
e Formación Profesional